

## IV CORRETROITA CONCELLO DE SOBRADO

Sábado 11 de agosto de 2017

O Concello de Sobrado organiza a cuarta edición da súa carreira popular "Corretroita" o sábado 11 de agosto na localidade de Sobrado baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices da Federación gallega de Atletismo. As probas rexiranse polo seguinte

### REGULAMENTO

**1.-** As probas disputaranse na localidade de Sobrado. A saída e chegada da proba farase **diante do mosteiro de Sobrado**. O circuíto estará debidamente sinalizado.

**2.-** Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, con ou sen licenza federativa. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuices da Federación Galega de Atletismo.

### **3.- CATEGORÍAS E HORARIOS:**

CATEGORÍA	ANO DE NACEMENTO	HORA	DISTANCIAS
Troitiñas 1	Nados entre 2010 e 2007	19:20	600m aprox
Troitiñas 2	Nados entre 2006 e 2003	19:10	1.200m aprox
Sub 18 - 20	De 2002 ata 1999	19:30 h	7 km aprox.
Sub 23 - Senior	De 1998 ata 1984	19:30 h	7 km aprox.
Máster A masculino	Nados entre 1983 e 1973	19:30 h	7 km aprox.
Máster B masculino	Nados entre 1972 e 1963	19:30 h	7 km aprox.
Máster C masculino	Nados no 1962 e anteriores	19:30 h	7 km aprox.
Máster D feminino	Nados entre 1983 e 1968	19:30 h	7 km aprox.
Máster E feminino	Nados no 1967 e anteriores	19:30 h	7 km aprox.
<b>ENTREGA DE PREMIOS A PARTIR DAS 20:30 horas</b>			

**4.-** A inscrición de todas a as categorías realizarse na páxina web [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com) (información en [www.fgatletismo.es/santiago](http://www.fgatletismo.es/santiago)) con data límite o xoves 9 de agosto ás 14 horas.

### **PREZOS DA INSCRICION**

**TROITIÑAS (nacidos dende o 2003 ata o 2010)**

**GRATUITA**

**PROBA ABSOLUTA (Sub 18 – 20 a Máster):**

**5 € por participante**

\* O pago da inscrición (no caso de inscrición de pago) poderá realizarse pola pasarela de pago da páxina web [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com). Para calquera dúbida co proceso de inscrición poderán poñerse en contacto co teléfono 981 291 683 ou no em@il [FGAsantiago@gmail.com](mailto:FGAsantiago@gmail.com).

Non se admitirán inscricións fóra do prazo establecido nin se admitirán inscricións o día da carreira.

**5.-** Os dorsais retiraranse, na zona do Mosteiro de Sobrado onde estará ubicada a secretaría da organización, dende as 18:30h ata media hora antes do inicio de cada proba.

### **6.- PREMIOS e AGASALLOS**

Recibirán trofeos os 3 primeiros clasificados de cada categoría establecida no presente regulamento, masculinos e femininos e tamén os tres primeiros clasificados da proba absoluta, tanto en homes como en mulleres.

Os premios non serán acumulativos, de xeito que ningún corredor/a poderá recibir dous trofeos. A entrega de trofeos farase ao rematar a carreira.

Haberá obsequio cortesía da organización para todos os participantes e avituallamento líquido na zona de meta.

**7.-** Todo/a corredor/a que chegue á meta sen o seu dorsal ou non o leve colocado de xeito correcto na parte anterior do corpo, será automaticamente descalificado.

**8.-** Os participantes deberán colocarse na zona de saída 10 minutos antes do comezo da proba.

**9.-** Os atletas que obteñan algún premio poderáselles solicitar que acrediten a súa idade coa presentación do DNI ou pasaporte.

**10.-** Aínda que a proba sexa de carácter estritamente deportivo e popular, admitiranse reclamacións, pero agárdase un espírito e un comportamento deportivo por parte de todos os participantes. As reclamacións aos resultados oficiais formularánselle ao xuíz árbitro da competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados.

**11.-** O horario da saída poderá ser modificado, a criterio do xuíz árbitro da proba, en función das circunstancias.

**12.-** Haberá servizo de duchas a disposición dos atletas no polideportivo municipal de Sobrado.

**13.-** A inscrición implica ler, ter entendido e adquirido o compromiso que a continuación se expón: Certifico que estou en bo estado físico. Eximo de toda responsabilidade que da participación no evento puidese derivarse, á organización, patrocinadores comerciais ou sponsors, empregados e demais organizadores.

**14.-** Todos os participantes o fan baixo a súa propia responsabilidade e polo feito de saír acepta o presente regulamento.

**15.- Seguro:** todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, excluídos os casos derivados de un padecemento latente, imprudencia o inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento; o lugar da competición ou dende o mesmo. Non se permitirá a existencia no percorrido de ningún vehículo axeno a organización, estando estes últimos debidamente identificados.

**16.-** A organización dispoñerá de SERVICIOS MÉDICOS E AMBULANCIA dende 30min antes do comezo da carreira e ata media hora despois de pechar o acto. Os Servicios médicos, están facultados para retirar da carreira a calquera participante que manifestase un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma. Así mesmo, recoméndase a todos os inscritos, leven a cabo antes de tomar parte na carreira un recoñecemento de aptitude médico-deportivo que descarte calquera patoloxía que impida a súa participación.

**17.-** Todo o non recollido neste regulamento resolverase de acordo co Regulamento da RFEA e FGA para probas en ruta en vigor.

**NOTA:** Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.